

ACTA FINAL - PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

ACTA DO TRIBUNAL do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna, dunha praza de **Oficial Administración, Subescala Administrativa**, correspondente á OEP do ano 2025.

Sendo as 9,00 horas do día 26.06.2026, reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 08.04.2026, para os efectos da realización da cualificación final e proposta de nomeamento.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta: María Dolores Torrado Ares.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

Luis Taboada Hervella.

Francisco Javier Vidal Lorenzo.

Co quórum esixido pola base 6 para a válida actuación do tribunal, procédese á realización do outorgamento das puntuacións finais dos aspirantes que superaron o proceso de selección.

Resultando que con data 19 de maio de 2026 rematou o prazo de alegacións contra as puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso, e non se presentou ningunha.

Resultando polo tanto que o procedemento de selección rematou, polo que procede clasificar aos aspirantes que aprobaron, quedando ordenados do seguinte xeito:

	Fase oposición	Fase concurso	Puntuación final total
ANA SÁNCHEZ FONTÁNS	58,50	40,00	98,50

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Publicar as puntuacións finais dos candidatos que teñen superado o proceso de selección, mediante anuncio no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica municipal.

2º) Propoñer á alcaldía como órgano competente, a selección e nomeamento como funcionaria de carreira de ANA SÁNCHEZ FONTÁNS, quen deberá presentar no prazo máximo de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios sito na sede electrónica municipal da proposta do tribunal sobre a aspirante a nomear como funcionaria de carreira, a documentación establecida nas bases 9 e 3.1. da convocatoria.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 9,05 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.